

## **Sostibilidade da xestión forestal: impacto de perturbacións e selvicultura intensiva en masas forestais de Galicia**

**Tipo de proxecto:** investigación

**Entidad Financiadora:** Dirección Xeral de I+D. Xunta de Galicia.  
(PGIDIT05RFO50202PR)

**Entidades Participantes:** CIF Lourizan.

**Período:** 2006 - 2008

**Investigador principal:** José Antonio Vega Hidalgo

**Investigadores participantes:** Pedro Pérez-Gorostiaga, M<sup>a</sup> Teresa Fontúrbel Lliteras, Pedro Cuiñas, Cristina Fernández Filgueira, Enrique Jiménez

**Resumo:** En dúas cuncas experimentais, unha ocupada por masas de *P. pinaster* e outra de *E. globulus*, estudouse a utilización de auga por estas especies. Tamén os cambios acontecidos no volume de auga evacuada desas cuncas tras un incendio forestal, unha corta a feito, e tratamentos selvícolas aplicados na cunca de *Eucalyptus globulus*. Así mesmo analizouse o efecto a longo prazo no solo de diferentes tratamentos de residuos de corta.

**Palabras clave:** *Eucalyptus globulus*; *Pinus pinaster*; *Acacia melanoxylon*; produción de auga; fluxo de savia; efectos da corta a feito; tratamento de residuos de corta.



O proxecto desenvolveuse mediante un dobre achegamento experimental. Por un lado, co emprego do balance de hídrico e de nutrientes, obtidos en cuncas experimentais de *P. pinaster* e *E. globulus* e, por outro, co estudo da utilización de auga por esas especies forestais empregando o método da densidade de fluxo de savia. Cuantificáronse os cambios acontecidos tras incendio forestal, corta a feito, rareo e selección de brotes no volume de auga de saída nunha cunca experimental de *Eucalyptus globulus*. O maior aumento aconteceu tras a corta seguido do incendio e a selección de brotes. A defoliación producida por *G. scutellatus* deu lugar a un incremento máis reducido aínda que máis dilatado no tempo. Eses incrementos foron detectados basicamente en outono e inverno, cando a maior cantidade de precipitación é recollida, non observándose durante o verán. Os aumentos na produción de auga levaron consigo incrementos na saída de nutrientes, especialmente de Ca, Mg e K. A análise da transpiración, a nivel de individuo, revelou valores inferiores de densidade de fluxo de savia en *P. pinaster*, en comparación con *E. globulus* e *A. melanoxylon*.

Avaliouse tamén o efecto a longo prazo (11-13 anos) de diferentes tratamentos de residuos de corta (queima restos espallados, queima restos en cordóns, espallados e acordado dos restos) sobre a actual produción de *E. globulus* e a calidade do solo, concluíndose que non existía ningún efecto residual dos tratamentos nos parámetros edáficos analizados nin no crecemento do arboredo.